

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**


BReOGAN

O GROVE • Nº 40 - 1º TRIMESTRE 2016

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

**O Breogán, de novo
como equipa de elite
segundo a A Xunta**

**Campionato
de España
de Inverno**

**Actividade
de piragüismo en
Galicia**

**Liga de Xadrez
Resultados**

**Gala do Piragüismo
Galego**



**GALICIA
SAUDABLE**

//ABANCA

RESUMEN 1º TRIMESTRE 2016

Neste novo número do noso Boletín Informativo, damos conta da asemblea xeral ordinaria, falamos da Cabalgata de Reis onde estivemos presentes un ano máis. Dase conta de que entramos de novo no patrocinio da Fundación Deporte Galego e ABANCA.

E falamos dos resultados obtidos no Campionato de España de Inverno, da actividade do piragüismo en Galicia e facemos un resumen do realizado na Liga Galega de Xadrez, cos resultados e clasificación final.

Campionato de Europa de Maratón Pontevedra 2016

Pontevedra acolle do 28 de xuño o 3 de xullo o Campionato de Europa de Maratón de Piragüismo, unha das disciplinas que máis medallas aporta o piragüismo español.

Os días 28 e 29 de xuño terán lugar as regatas para as categorías de veteranos e do xoves ata o domingo, terán lugar as regatas de carácter oficial, para categorías xuvenil, sub 23 e senior; participando en embar-

cacións individuais e dobres.

Breogán terá unha participación moi importante nas regatas oficiais, xa que ata cinco dos nos@s padexeir@s acadaron a súa praza para estar presentes neste europeo.

A nosa representación será: Tono Campos, José M. Sánchez, Nuria Villacé, Noel Domínguez e Lara Oulton.



ILMO. CONCELLO DE
Grove





Asamblea Xeral de socios do C.M.D.C. Breogán

O mércores, na aula do Pavillón de Deportes Náuticos de O Grove, celebrouse a Asamblea Xeral de Soci@s do C.M.D.C. Breogán, correspondente o ano 2016.

Nesta Asamblea douse conta @s asistentes da memoria de actividades da entidade no 2015, especialmente dos nosos equipos de xadrez e piragüismo. Ademais de outras actividades que organiza ou colabora a nosa entidade: IV Campamento Deportivo de Verán, Carreira Popular Festa do Marisco, Carroza na Cabalgata de Reis, charlas nos colexios con Tono Campos e Vitaldent, Boletín Informativo, etc.

Tamén se dou conta de varios acordos novos con: Zedtech, Vitaldent, Aluminios Groveal, Auga do Paraño e outros.

Relatouse como foi o cambio do equipo técnico no equipo de piragüismo, algún problema xurdido no inicio da temporada de xadrez, o problema xurdido co carro de transportar piraguas no desprazamento o Campionato de España en Sevilla, entre outras cousas. No resumen do exercicio económico do 2015, presentáronse uns pagos por un total de 105.472,98 €, e un resultado final do ano en positivo. Asimesmo a asamblea dou o visto e praxe o orzamento do 2016 que presenta unha cuantía total de 91.400 € e que é superior o presentado para o ano 2015, dado o aumento do núme-

ro de deportistas a desprazar no equipo de piragüismo, polo que se aumentan os gastos a afrontar.

Douse conta da incorporación como tesoreira de Marta Rodríguez Franco, e de outros cambios nos cargos da Xunta Directiva. A anterior tesoreira, M^a Antía Rodríguez Aguiñ para a ser Vicepresidente e tamén cambia o cargo de secretario, pasando a desempeñar esta función, Rut Otero Trinañes e, o ata de agora secretario Jose Manuel Alvarez Sabor, será vicesecretario. No tema do posible interese do Concello polo terreo que a nosa entidade ten no Monte da Vila (detrás da Casa de Cultura) douse conta cunha reunión mantida entre o presidente, Félix Lamas e o alcalde, Jose Antonio Cacabelos, a petición de este último. Onde o presidente amosou o alcalde a boa vontade para a negociación partindo da alegación que esta entidade presentou ante o anterior PXOM, pero polo momento non se recibiu a proposta en firme dende o Concello. Cando isto se produza, convocarase unha asamblea extraordinaria para estudar a posible proposta que nos presenten dende o Concello.

E tamén se respostaron a preguntas que fixeron @s asistentes e se deron as explicacións que se solicitaron, nunha asamblea que durou pouco máis de unha hora.



Un ano máis na Cabalgata de Reis

Un ano máis Breogán estivo presente na Cabalgata de Reis e, un ano máis, participamos na decoración de dúas carrozas.

Por un lado tivemos a “nosa carroza” que confeccionou íntegramente Breogán, cúa decoración era un canto a paz no mundo, destacando no decorado aras pombas brancas, e un gran

símbolo da paz; ademais duns pergaminos coa palabra PAZ en varios idiomas.

Completando a carroza un grupo de nenos e nenas vestidos de hippies dos anos sesenta.

Logo tamén colaboramos na confección dos bonecos que adornaron unha das carrozas do Concello, carroza que iba de-

corada cos bonecos de “Os Minions”, que tan ben coñecen os máis pequen@s da casa.

Agardamos un ano máis, que o traballo e a ilusión posta nesta actividade, fose do agrado de todos e que fose suficiente para axudar a que os nenos e nenas do noso Concello e visitantes, tivesen un momento de ledicia.



zedtech
handmade custom kayaks

A Xunta considera de novo ao Breogán como equipa de elite

Un ano máis Breogán está entre os clubs de Élite galegos, declarados pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. Por elo, entra de novo mo Plan de patrocinios de Equipos Galegos de Alto Nivel, que dende hai uns anos se puxo en marcha dende a Fundación Deporte Galego.

O entrar neste Plan, débese os resultados a nivel nacional do 2015 do equipo senior masculino, dándose o caso que tamén pudo estar metido no programa o equipo senior feminino, pero quedouse fora por culpa dun mal resultado nunha regata.

Este ano son un total de 132 equipos os que entran dentro de este programa, onde se vai a patrocinar os equipos de alta competición grazas a Fundación Deporte Galego e Galicia Calidade. A entrada no programa, dende o pasado ano, de Abanca, fai que tamén se patrocine o deporte base dos equipos incluídos no programa.

Por elo, unha temporada máis, imos levar na equipación deportiva, furgonetas, piraguas, instalacións, eventos, etc; as publicacións de: “DEPORTE GALEGO”, “GALICIA CALIDADE” e “ABANCA”.



HABITAT

Decoración

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO

Os días 12 e 13 de marzo, Sevilla acolleu unha nova edición do Campionato de España de Inverno, campionato que acolle o mesmo tempo o Campionato de España de Inverno de Senior e Xuvenís (digamos o campionato grande) e tamén o Campionato de España de Inverno de Xóvenes Promesas-Cadetes, e o Campionato de España de Inverno Master (veteran@s).

Breogán desprazou a esta cita unha expedición de preto de 30 persoas, tendo representación en todos os campionatos en disputa. A nivel individual @s nos@s deportistas tiveron unha moi boa actuación, destacando o Campionato de España de Tono Campos, e o Subcampionato de Diego Romero en C-1 home senior; así como o Campionato de España colleitado por Juan Manuel Sánchez no K-1 home veteranos.

Por clubs, no Campionato de senior e xuvenís, acadamos a 5º posición na clasificación xeral, co equipo senior ocupando a 3º posición.

XLVII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO SENIOR E XUVENIL-INDIVIDUAIS		
Padexeir@	Categoría	Resultado
Tono Campos	C-1 home senior	1º
Diego Romero	C-1 home senior	2º
José M. Sánchez	C-1 home senior	11º
Miguel Fernández	C-1 home senior	23º
Miguel López	C-1 home senior	24º
Adrian Fernández	C-1 home senior	37º
Lino Cabelos	C-1 home senior	Non pasou a clasificatoria
Nuria Villacé	K-1 muller senior	8º
Natalia García	K-1 muller senior	15º
Tania Alvarez	K-1 muller senior	36º
Laura Garcia	K-1 muller senior	54º
Rut Otero	K-1 muller senior	Non pasou a clasificatoria
Maria Calvo	C-1 muller senior	12º f.c.
Jaime Sánchez	K-1 home xuvenil	39º
Edu da Silva	K-1 home xuvenil	63º
Aarón Martinez	K-1 home xuvenil	Non pasou a clasificatoria
Adrian Otero	K-1 home xuvenil	Non pasou a clasificatoria
Nerea López	K-1 muller xuvenil	53º
Lara Outón	C-1 muller xuvenil	4º



CARPINTERÍA - CERRAJERÍA




www.groveal.com - info@groveal.com

Rúa Alexandre Bóveda, 87 bj.

36980 O GROVE

Tels. 986 733 844 672 230 770 652 449 213





XLVII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO SENIOR E XUVENIL-CLUBS	
XERAL CLUBS	5º
EQUIPO SENIOR	3º
EQUIPO SENIOR FEMININO	4º
EQUIPO SENIOR MASCULINO	4º
EQUIPO XUVENIL	20º
EQUIPO XUVENIL FEMININO	13º
EQUIPO XUVENIL MASCULINO	28º



XLVII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO SENIOR E XUVENIL-CLUBS	
XERAL CLUBS	5º
EQUIPO SENIOR	3º
EQUIPO SENIOR FEMININO	4º
EQUIPO SENIOR MASCULINO	4º
EQUIPO XUVENIL	20º
EQUIPO XUVENIL FEMININO	13º
EQUIPO XUVENIL MASCULINO	28º



XLVII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO XOVENES PROMESAS-CLUBS	
XERAL CLUBS	17º

XLVII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO MASTER (veteranos)-INDIVIDUAIS		
Padexeir@	Categoría	Resultado
Juan M. Sánchez	K-1 veterano 50-54	1º
Rut Otero	K-1 veterana 40-44	5º
Miguel Fernández	C-1 veterano 35-39	4º
Lino Cacabelos	C-1 veterano 45-49	4º

XLVII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO MASTER (veteranos)-CLUBS	
XERAL CLUBS	15º



Actividade de Piragüismo en Galicia

Nos meses de inverno continuamos coa actividade competitiva de piragüismo, non a nivel oficial, pero participando nos controis e concentración que organizou a Comisión Técnica da Federación Galega de Piragüismo.

- Control Físico e Natación para Infantís, (16-01) probas realizadas nas instalacións do Centro Galego de Técnicación Deportiva, foron chamados catro componentes de Breogán: Lucia Devesa, Borja Lamas, Isaac Gorrita e Lorena Moldes.

- Regata Amistosa e Control de 8.000 m., (17-01) Cabanas (A Coruña). Acudimos con 25 deportistas, destacando: Juan Camilo Ortiz (3º C-1 cadete), Jose M. Sánchez (1º C-1 senior), Miguel Fernández (3º C-1 senior), Angela Rodríguez (2º K-1 cadete), Lara Outón (1º C-1 xuvenil), Tania Alvarez (2º K-1 senior), Carme Devesa (1º K-1 alevín A), Lucia Devesa (1º K-1 infantil A), Borja Lamas (2º C-1 infantil A), Aaron Castro (3º C-1 infantil A), Marta Mourelos (2º infantil B), Lino Cacabelos (1º C-1 veterano), Rut

Otero (2º K-1 veterana).

- Concentración Mulleres Kaiakistas Cadetes, (30-01) foi chamada a esta concentración: Angela Rodríguez.

- Control 5.000 m., (06-02) celebrado no río Lerez (Pontevedra) acudimos con 22 deportistas.

- Control 5.000 m. infantís (07-02), río Lerez (Pontevedra), 10 deportistas.

- Control 2.000 m. (05-03) celebrado en Verducido, tivemos 20 deportistas participando.

- Campionato Galego de Inverno (06-03) despois dun aprazamento polo mal tempo, celebrouse en Verducido o Campionato Galego de Inverno, onde presentamos un total de 27 deportistas. Onde destacaron o Campionato Galego de Diego Romero no C-1 senior, categoría na que Tono Campos colleitou o Subcampionato Galego. Nuria Villacé proclamouse Campio-
na Galega no K-1 senior, e tamén se proclamou Cam-
piona Galega, Lara Outón no C-1 xuvenil.

- Campionato Galego de Inverno Veteranos (06-03), tres foron os nosos representantes neste campionato:



Segem




GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

Rut Otero Campiona Galega no K-1 (40-44), Lino Cacabelos Subcampión Galego no C-1 (45-49) e Félix Lamas, Bronce no C-1 (50-55).

- 1ª Regata da Liga Galega de Kaiak de Mar (19-03) Rianxo, onde os resultados máis destacados foron: Danie Mourellos 3º K-1 cadete, Angela Rodríguez-Antía Naveiro 2º K-2 cadete, Nerea López-Lara Outón 2º K-2 xuvenil, Aaron Martínez 2º K-1 xuvenil, Edu da Silva-Adrian Otero 1º xuvenil, Laura García-Yoel Alonso 1º K-2 mixto, Rut Otero 3º K-1 veterana.

- 1ª Regata Liga Galega de Infantís, e Alevíns A (20-03) Verducido, inscribimos unha dúcia de deportistas, onde o resultado máis destacado foi a 2ª posición de Carme Devesa no K-1 alevín "A".

- Concentración de Canoas Cadetes (25-25/03) Pontevedra, foron convocados: Juan Camilo Ortíz e Iván Meis.



ELESMA
INSTALACIONES

Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com



Liga Galega de Xadrez

A Liga Galega de Xadrez iniciábase o día 23 de xaneiro, onde Breogán inscribiu, o igual que na temporada anterior, a tres equipos: o Breogán "A" no Grupo B de Primeira División; o Breogán "B" no Grupo F de Terceira División e o Breogán "C" no Grupo A de Cuarta División.

A liga non empezou como se agardaba, e na primeira xornada houbo varias baixas que fixeron que tivera-

mos que retirar o equipo "B" da competición. Pero logo de reestructurar os outros dous equipos; por motivos alleos a Breogán, tamén deixou de ter actividade o Breogán "C".

Polo que só continuou e rematou a competición o Breogán "A", que o final foi quen de cumprir o obxectivo marcado, que non era outro que o de manter a categoría e así, o vindeiro ano voltar a competir na



Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92

DATA	LOCAL	RESULTADO	VISITANTE
23/01	Breogán "A"	2-2	Torpedo Gallaecia
30/01	Breogán "A"	2,5-1,5	XDM CIDU
13/02	Xadrez Rianxo	3-1	Breogán "A"
20/02	Breogán "A"	3-1	Mercantil de Ribeira
27/02	Marquiño	3,5-0,5	Breogán "A"
05/03	Breogán "A"	0,5-3,5	CXF Banco Mediolanum
12/03	CXF Baños Print	1,5-2,5	Breogán "A"
02/04	Breogán "A"	2,5-1,5	Aleandre Boveda "B"
09-04	EXP Ramón Escudero	4-0	Breogán "A"
16-04	Breogán "A"	1,5-2,5	Distribunosa-Padrón "B"
23-04	Ajedrez Sanxenxo	1,5-2,5	Breogán "A"

Primeira División da Liga Galega de Xadrez.

Na temporada, o Breogán "A" nos once enfrontamentos que tivo, acadou cinco victorias, cinco derrotas e un empate.

Escola de Xadrez.

Pola súa banda, a Escola de Xadrez iniciou a súa ac-

tividade eco comenzo do curso escolar, e mantendrase ata finalizado este período, e decir ata finais do mes de xuño ou principios de xullo.

Da man de Heladio Outerio e José Manuel Alvarez, danse as clases (a quen o desexe) os venres na aula do Pavillón de Deportes Náuticos, a partires das 17,30 h.

-	N	Equipo	Xogados	Gañados	Empates	Perdidos	Incomp.	Puntos	Sonn
↑	1	EXP RAMON ESCUDEIRO TILVE	11	11	0	0	0	35,5	726,75
-	2	CLUB XADREZ RIANXO	11	7	2	2	0	29	578,75
-	3	CXF - BAÑOS PRINT	11	6	3	2	0	27	544,75
-	4	ALEXANDRE BOVEDA "B"	11	4	4	3	0	23,5	494,5
-	5	TORPEDO GALLAECIA	11	6	2	3	0	23,5	466,5
-	6	MARQUIÑO	11	6	0	5	0	22	416,75
-	7	DISTRIBUNOSA - PADRÓN "B"	11	4	2	5	0	20,5	407,75
-	8	CXF - BANCO MEDIOLANUM	11	3	2	6	0	20,5	389,25
-	9	AJEDREZ OJD SANKENXO	11	4	0	7	0	19	368
-	10	BREOGÁN "A"	11	5	1	5	0	18,5	372,75
↓	11	MERCANTIL DE RIBEIRA	11	2	0	9	0	17	357
↓	12	XDM CIDU	11	0	0	11	0	8	177,75



ARAC
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Gala do Piragüismo Galego

- O 16 de xaneiro Boiro acolleu unha nova edición da Galega do Piragüismo Galego, onde se entregaron os premios @s mellores da temporada 2015.
- Durante o acto fixéronse entrega dos premios os tres primeiros clubs clasificados nas diferentes ligas celebradas durante a temporada pasada. Pero o mesmo tempo se fixeron entrega dos Premios da Xunta Directiva da FGP, onde tivo unha mención especial David Cal o que se lle rendeu unha homenaxe e se lle entregou un Premio Especial a Traxectoria Deportiva no ano en que decidiu colgar a pala.
- Dous de estes premios especiais viñeron para O Grove, un deles foi para a XII Travesía da Toxa-XXIX Trofeo Concello de O Grove que foi elixida como Mellor Regata Organizada de Galicia.
- E tamén foi galardoada, Elena Naveiro co “Premio á Superación Deportiva”, despois de que voltase o piragüismo na modalidade do paracanoe.

